

DO-0201 Planificación e desenvolvemento das ensinanzas

R3 DO-0201

Informe de Accións de Coordinación do Grao en Enxeñaría da Enerxía

Centro: Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Curso académico: 2024/2025

Aprobado en Comisión de Calidade o 21/10/2025

Vigo, a 21 de outubro de 2025

Guillermo García Lomba
Coordinador de Calidade

Índice

I. INFORMACIÓN XERAL	2
II. COORDINACIÓN.....	2
III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN	3
IV. CONCLUSIÓNS	8
V. ANEXOS	9

I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Grao en Enxeñaría da Enerxía
Centro(s) onde se imparte o título	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade(s) participante(s)	Non procede
Curso de implantación	2010/2011 - Plan modificado: 2020/2021

II. COORDINACIÓN

Coordinación de título	Francisco Javier Deive Herva
Equipo coordinador de curso	1º curso: Iria Feijóo Vázquez
	2º curso: Raquel Pérez Orozco
	3º curso: Pablo Eguía Oller
	4º curso: Ana M. Rodríguez Rodríguez
Coordinación del PAT-ANEAE	Ana M. Rodríguez Rodríguez

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

No presente informe recóllese a actividade de coordinación levada a cabo ao longo do curso académico 2024/2025 entre as persoas responsables das materias, dos cursos e da titulación. Cómpre salientar que o labor de coordinación non se limitou ás reunións oficiais documentadas, pois mantívose unha comunicación fluída e continua, tanto de maneira presencial como mediante medios telemáticos, coa participación tamén da persoa encargada do PAT-ANEAE.

3.1. Reunións

Reunións do coordinador de título e do equipo coordinador de curso co persoal coordinador de materia/módulo

O día 28 de xuño de 2024, o coordinador do grao recibiu unha notificación que informaba da apertura da aplicación DocNET para a elaboración das guías docentes do grao de Enxeñaría da Enerxía, estando dispoñible para o profesorado a partir do día 3 de xullo. Tendo en conta que no curso 2023/2024 xa se impartira por primeira vez o cuarto ano do novo plan de estudos desta titulación, e entendéndose que as modificacións das guías docentes serían menores, contactouse coas persoas coordinadoras das materias para informar dos prazos de revisión de guías docentes desde o 3 ao 8 de xullo, aclarando que as guías debían estar en galego e castelán, ademais de en inglés naquelas materias pertencentes ao plan de internacionalización ou *English friendly*. Ademais, fíxose fincapé na necesidade de revisar a planificación de cada materia conforme á PDA aprobada para o curso 2024/2025. Fíxose desta forma para garantir que as guías docentes estiveran finalizadas e revisadas polos coordinadores de grao, pola delegación do alumnado e polas persoas integrantes da comisión de calidade antes da súa aprobación na Xunta de Escola do 22 de xullo de 2024.

Por outra banda, o día 15 de maio de 2025 ás 13:00 levouse a cabo unha reunión de coordinación coa coordinadora do PAT e o coordinador da materia Enxeñaría Mecánica. Esta reunión tivo lugar a petición da coordinadora do PAT, debido as preocupacións trasladadas polo estudiantado da materia tras realizar as probas de avaliación continua. No Anexo 1 inclúese a acta desta reunión.

Reunións do equipo coordinador de curso co persoal coordinador de materia/módulo

Durante o curso académico 2024/2025 realizáronse 13 reunións deste tipo, seis correspondentes a primeiro, tres a segundo, dúas a terceiro e outras dúas a cuarto curso do grao. Pódense consultar os detalles nos anexos 2, 3, 4 e 5 deste informe, onde tamén se recollen as principais valoracións e reflexións acadadas:

Primeiro e segundo curso:

Ao longo destes cursos leváronse a cabo un total de nove reunións. Dado que as materias impartidas resultan, na súa maior parte, coincidentes para o conxunto do estudiantado dos dous graos que se imparten na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, as cuestións tratadas nestas sesións adoitan afectar de maneira transversal a ambas titulacións. Por este motivo, resulta complexo, cando non imposible, realizar análises ou valoracións que poidan

circunscribirse de forma exclusiva a un só dos graos, xa que a maior parte das incidencias e reflexións teñen carácter común.

28/06/2024. Reunión de coordinación de primeiro curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: Solicitar unha planificación detallada para o curso 2024/2025 de grupos B, C, saídas de campo, así como exames parciais e recuperacións de clase. Solicítanse as necesidades de *software*, laboratorios e aulas de informática, e a indicación de non requirir o uso das aulas docentes da Escola.

24/09/2024. Reunión de coordinación de primeiro curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: Compensar ao estudiantado nos grupos B das materias de Física I e Química. Xa que estas desenvólvense nos mesmos días, e o grupo B1 presentaba ao comezo do curso un menor número de persoas.

08/01/2025. Reunión de coordinación de primeiro curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo: Solicitar unha planificación detallada para o segundo cuadrimestre do curso 2024/2025 de grupos B, C, saídas de campo, así como exames parciais e recuperacións de clase. Solicítanse as necesidades de *software*, laboratorios e aulas de informática. Esta planificación xa se solicitou e foi facilitada no mes de xullo polo profesorado coordinador, sen embargo ante a proximidade da data de inicio da docencia do segundo cuadrimestre, volveuse a solicitar ante a posibilidade de que durante ese tempo o profesorado quixera facer cambios sobre a planificación entregada no mes de xullo.

04/02/2025. Reunión de coordinación de primeiro curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: Intercambiar opinións, trasladar dificultades atopadas e valorar a coordinación no primeiro cuadrimestre, unha vez finalizada a docencia e con tódolos exames rematados.

22/05/2025. Reunión de coordinación de primeiro curso. Obxectivo: Valorar a posibilidade de concentrar os exames nunha semana na metade de cada cuadrimestre e suspender a actividade docente neste período.

16/06/2025. Reunión de coordinación de primeiro curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo: Intercambiar opinións, trasladar dificultades atopadas e valorar a coordinación no segundo cuadrimestre, unha vez realizados os exames parciais das materias e case finalizado o cuadrimestre.

27/06/2024. Reunión de coordinación de segundo curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: Tratar as necesidades específicas de cada materia no tocante á planificación de grupos B, C, parciais, recuperación e prácticas de campo/saídas de estudos no curso 2024/2025, centrándose nas actividades do primeiro cuadrimestre.

9/01/2025. Reunión de coordinación de segundo curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo: Planificar os grupos B, C, parciais, recuperacións e prácticas de campo/saídas de estudos para o segundo cuadrimestre do curso 2023/2024.

26/03/2025. Reunión de coordinación de segundo curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo. Análise da evolución da docencia do segundo cuadrimestre.

Terceiro e cuarto cursos:

Neste caso, convocáronse as catro reunións de coordinación seguintes:

28/06/2024. Reunión de coordinación de terceiro curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: A convocatoria dirixiuse ao profesorado responsable das materias de terceiro curso co propósito de establecer a planificación dos grupos B e C, atendendo á distribución

temporal das sesións docentes, ás necesidades específicas de espazos, tanto para clases maxistras como para actividades en aula de informática, e á organización das prácticas de campo ou saídas académicas. Este labor desenvolveuse a partir da información remitida previamente polo profesorado mediante correo electrónico, na que se detallaban dispoñibilidades e requirimentos, o que permitiu anticipar posibles coincidencias horarias e adoptar solucións axeitadas. Os acordos e conclusións foron posteriormente trasladados polo coordinador á xefatura de estudos.

14/01/2025: Reunión de coordinación de terceiro curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo: Convocouse as persoas coordinadoras das materias do primeiro cuadrimestre de cuarto curso para trasladar as datas de impartición de grupos B e C, necesidades de aulas docentes e de informática, así como o *software* a instalar e as posibles datas de saídas de estudo e prácticas de campo.

28/02/2025. Reunión de coordinación de cuarto curso, primeiro cuadrimestre. Obxectivo: Análise de resultados do primeiro cuadrimestre. Convocouse ao profesorado de cuarto curso, co fin de analizar como foron os resultados e se houbo algunha incidencia salientable. Os datos proporcionados polas persoas coordinadoras de materia evidencian que os resultados do primeiro cuadrimestre foron moi positivos, con taxa de éxito superiores ó 87% en todos os casos analizados, chegando ó 100% en cinco das materias. Ademais, non houbo incidencias durante o desenvolvemento das clases en ningunha das materias.

18/7/2025: Reunión de coordinación de cuarto curso, segundo cuadrimestre. Obxectivo: Análise de resultados do segundo cuadrimestre. Convocouse ao profesorado de cuarto curso para analizar o desenvolvemento do segundo cuadrimestre e observouse unha alta taxa de éxito en todas as materias. Porén, no TFG evidénciase un número alto de non presentados. O motivo pode estar relacionado ca existencia de estudantes que xa están a desenvolver a súa labor profesional e van adiando a defensa do TFG por falta de tempo.

Reunións das persoas coordinadoras de materias co profesorado que a imparte

Durante todo o período académico mantívose unha comunicación fluída e continua entre as persoas responsables da coordinación das materias e o conxunto do profesorado. Este intercambio de información permitiu compartir observacións, resultados e comentarios, así como trasladar as inxedanzas e propostas formuladas polo alumnado, polo equipo docente ou pola propia coordinación do título. O obxectivo fundamental foi consensuar decisións que garantisen unha organización coherente das materias e un desenvolvemento docente harmónico e eficaz. Unha vez concluído o curso, o profesorado reuniuse coas persoas coordinadoras co fin de analizar o progreso académico do estudantado e proceder á revisión e peche das actas de avaliación correspondentes.

3.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

No curso académico 2024/25 as persoas coordinadoras de curso elaboraron os seguintes **informes finais de coordinación horizontal**:

Primeiro curso:

Resultados: Tras a realización das reunións correspondentes ao curso académico 2024/2025, pode considerarse que o labor de coordinación acadou un nivel satisfactorio e axeitado, garantindo un desenvolvemento ordenado e eficiente das actividades docentes. Ao longo do

período académico, calquera incidencia ou dificultade que xurdiu durante a impartición das clases foi trasladada de forma inmediata á coordinación, a quen se lle deu prioridade na procura de solucións rápidas e efectivas, de modo que non se xerasen atrasos nin afectacións significativas no normal desenvolvemento do curso. O principal canal de comunicación empregado para as tarefas de coordinación foi o correo electrónico, que se consolidou como unha ferramenta fiable e áxil para a transmisión de información e para o seguimento das cuestións pendentes. Complementariamente, tamén se utilizaron chamadas telefónicas puntuais para resolver asuntos urxentes ou aclarar cuestións concretas que requirían unha resposta inmediata, garantindo así que a coordinación se mantivese fluída e efectiva en todo momento.

Durante todo o curso, o profesorado de primeiro de ambos os graos mostrou unha resposta altamente satisfactoria fronte ás solicitudes de planificación detallada das sesións de tipo B e C, das saídas de campo programadas e dos exames parciais, cumprindo rigorosamente cos prazos establecidos e entregando a información en forma e en data correcta. A colaboración do equipo docente tamén se evidenciou á hora de axustar datas de exames parciais, coordinar saídas de campo e asignar espazos para as actividades, respectando sempre a planificación inicial e adaptándose ás necesidades que xurdían de maneira flexible e responsable.

Cada modificación realizada na planificación detallada foi debidamente actualizada no espazo de Coordinación de primeiro GEE/GERME en Moovi, garantindo unha documentación clara e accesible para todo o profesorado. En conxunto, este sistema de comunicación e coordinación evidenciou un alto grao de eficacia, colaboración e compromiso, consolidando un funcionamento ordenado e harmonioso que favoreceu o desenvolvemento académico e a correcta planificación das materias do primeiro curso.

Segundo curso

Resultados: Mantense o correo electrónico como o principal medio de comunicación para a realización das tarefas de coordinación, dado que facilita unha interacción constante, ordenada e facilmente rexistrable entre o profesorado e a persoa coordinadora. Este sistema demostrou ser especialmente útil para o intercambio de información, a resolución de dúbidas e o envío de documentación relacionada coa planificación docente. De xeito puntual, tamén se empregan as chamadas telefónicas para abordar cuestións específicas ou resolver pequenas incidencias ocasionais que precisan dunha resposta máis inmediata ou dun contacto directo. Esta combinación de canles permitiu unha comunicación áxil e eficaz, garantindo a continuidade das actividades e a correcta coordinación das materias. En termos xerais, o profesorado de segundo curso dos Graos mostrou unha actitude moi colaboradora e receptiva ante as solicitudes de planificación detallada necesarias para organizar o desenvolvemento das sesións tipo B e tipo C, así como outras actividades complementarias. A puntualidade e a disposición demostradas polo persoal docente facilitaron a coordinación horizontal entre as distintas materias, evitando solapes e asegurando unha distribución equilibrada das tarefas académicas ao longo do cuadrimestre. Ademais, a cooperación entre docentes permitiu realizar axustes nas datas de avaliación ou nas sesións prácticas cando foi preciso, sempre coa intención de mellorar a experiencia de aprendizaxe do estudantado. En consecuencia, pode afirmarse que o traballo de coordinación durante o curso académico 2024/2025 foi plenamente axeitado, destacando tanto a eficiencia dos mecanismos de comunicación empregados como o compromiso e a implicación do profesorado no correcto desenvolvemento do segundo curso do Grao en Enxeñaría da Enerxía.

Terceiro curso

Resultados: A coordinación do curso académico 2024/2025 resultou un proceso sinxelo, ordenado e cun nivel de eficacia moi satisfactorio, principalmente debido a que o novo plan de estudos fora implantado xa no curso anterior. Esta circunstancia permitiu que tanto o profesorado como o persoal coordinador contasen cunha experiencia previa suficiente para afrontar o desenvolvemento das materias con maior seguridade e organización. O feito de manter o mesmo equipo docente facilitou a continuidade metodolóxica, a coherencia na planificación e unha mellor coordinación entre as diferentes áreas de coñecemento, evitando así solapes nos contidos, nas datas de avaliación e nas actividades prácticas. Ademais, esta estabilidade contribuíu a reforzar a comunicación interna, optimizando a toma de decisións e a resolución de pequenas incidencias derivadas da docencia diaria. O principal medio de comunicación utilizado para as tarefas de coordinación foi o correo electrónico, que permitiu manter un contacto fluído, formal e documentado entre o profesorado, garantindo un seguimento detallado das cuestións tratadas e das accións acordadas. Do mesmo xeito, empregáronse as chamadas telefónicas para resolver de maneira inmediata aquelas incidencias que requirían unha resposta rápida ou unha aclaración directa. En xeral, o desenvolvemento das tarefas de coordinación decorreu sen dificultades significativas, o que reflicte o bo funcionamento do sistema implantado e o compromiso de todo o profesorado en manter unha dinámica colaborativa e eficiente. En definitiva, o balance global do terceiro curso pode considerarse moi positivo, consolidando un modelo de coordinación estable, flexible e ben estruturado, que favorece tanto a calidade do ensino como a coherencia entre as diferentes materias do curso.

Cuarto curso

Resultados: En termos xerais, considérase que durante o curso académico 2024/2025 non se rexistraron incidencias de relevancia, polo que o balance global pode cualificarse como claramente positivo. As elevadas taxas de éxito acadadas polo estudantado, superiores ao 87% e, nalgúns casos, mesmo do 100%, constitúen un indicador evidente do bo desenvolvemento do curso, así como da consolidación dos obxectivos docentes e da madurez alcanzada no proceso formativo. Estes resultados reflicten un progreso satisfactorio en todos os ámbitos planificados, confirmando a eficacia da organización académica e a implicación tanto do profesorado como do alumnado. Ao longo do curso, os distintos problemas puntuais asociados á organización dos grupos B e C, entre eles, a xestión das reservas de espazos informáticos, a planificación de sesións prácticas ou a atención ás necesidades específicas de *software*, foron resoltos con dilixencia e sen ocasionar atrasos significativos no desenvolvemento das actividades docentes. Este feito evidencia un adecuado funcionamento dos mecanismos de coordinación e unha resposta eficaz por parte da comunidade académica.

Cómpre salientar tamén que as melloras introducidas a petición do profesorado en determinados aspectos das infraestruturas e dos recursos técnicos contribuíron de maneira decisiva a optimizar o rendemento das actividades e a mellorar as condicións de traballo, tanto para o persoal docente como para o estudantado. En relación cos aspectos susceptibles de mellora, destácase a necesidade de incrementar o número de estudantes que presentan o seu Traballo de Fin de Grao, cuestión que require un seguimento máis estreito, un acompañamento continuado e un reforzo das accións de orientación académica para acadar os niveis de participación desexados.

En conclusión, o balance final amosa un panorama moi favorable no marco do novo plan de estudos, con múltiples retos superados, unha dinámica de traballo consolidada e novas áreas

de actuación identificadas para seguir avanzando cara á excelencia e á mellora continua da calidade académica.

IV. CONCLUSIÓNS

A análise conxunta dos informes correspondentes aos catro cursos do grao permite extraer unha valoración global claramente positiva respecto ao funcionamento da coordinación horizontal durante o curso académico 2024/2025. En primeiro lugar, conséntase que o labor de coordinación desenvólvese de maneira continua e eficaz, mantendo un fluxo de comunicación constante entre o profesorado e as persoas coordinadoras, fundamentalmente a través do correo electrónico e, en menor medida, mediante chamadas telefónicas. Este sistema consolidouse como unha ferramenta eficiente para a detección temperá e resolución áxil de incidencias puntuais.

Nos cursos de primeiro e segundo, destácase a colaboración activa do profesorado na planificación das sesións tipo B e C, na organización das saídas de campo e na coordinación dos exames parciais. O compromiso e a dispoñibilidade do persoal docente permitiron unha xestión áxil das modificacións de calendario e espazos, así como unha actualización constante da información no espazo de coordinación da plataforma Moovi.

En terceiro curso, a experiencia acumulada do profesorado, que xa traballara co novo plan de estudos, facilitou un desenvolvemento fluído da docencia e evitou solapes entre materias. Isto evidencia unha consolidación do modelo organizativo e unha madurez crecente na dinámica de coordinación.

Por último, en cuarto curso, o balance resulta especialmente positivo, cun elevado nivel de rendemento académico e taxas de éxito superiores ao 85%. As pequenas incidencias relacionadas coa xestión de espazos e recursos foron resoltas con eficacia, e as melloras infraestruturais como a mellora do equipamento informático en aulas de ordenadores contribuíron ao bo funcionamento do curso.

Para que así conste, asino a presente en Vigo, a 21 de outubro de 2025

Francisco Javier Deive Herva

Coordinador do Grao en Enxeñaría da Enerxía

V. ANEXOS

Para completar a información, achéganse as fichas e informes relativos ás reunións de coordinación realizadas ao longo do curso académico.

Anexo 1. Informe de reunión do coordinador de grao con persoas coordinadoras de materia

REUNIÓN DE COORDINADORA DE PAT, COORDINADOR DE MATERIA "ENXEÑERÍA MECÁNICA" E COORDINADOR DE GRAO	
CURSO: 2º do Grao EE	DATA: 15/05/2025
COORDINADOR: Francisco Javier Deive Herva	
ASISTENTES: Coordinador do Grao de Enxeñaría da Enerxía, Coordinadora de PAT, Ana M. Rodríguez Rodríguez, e Coordinador de Materia, Ángel Fernández Vilán	
OBXECTIVOS: Valoración da evolución do curso do alumnado da materia Enxeñaría Mecánica e dificultades atopadas polo estudantado	
RESULTADOS: En relación coa dificultade principal sinalada polo estudantado, consistente na obrigatoriedade de aplicar un método gráfico para a resolución de problemas, sen que exista unha bibliografía recomendada que permita profundar ou exercitar axeitadamente dita metodoloxía, nin dispoñibilidade de exercicios resoltos na plataforma virtual, nin exemplos completos que sirvan de referencia, o profesor manifestou a súa intención de incorporar bibliografía específica e casos prácticos resoltos que contribúan a unha mellor preparación da materia, así como ao incremento das taxas de éxito académico. Ademais, aclara que, se un estudante responde correctamente mediante o método analítico, valorarase positivamente. O docente expresou tamén a súa preocupación polos resultados obtidos na primeira proba avaliativa, na que unicamente aprobaron dez estudantes dos máis de corenta matriculados, mentres que aproximadamente trinta obtiveron unha cualificación de cero. Así mesmo, sinala a ausencia dunha actitude de compromiso por parte da maioría do alumnado, o que, ao seu xuízo, podería deberse a unha desmotivación histórica respecto da materia. No que respecta á inqueda do estudantado en torno ao clima da aula, que desincentiva a participación activa e o prantexamento de dúbidas, o profesor indica que procurará fomentar o uso das titorías como recurso complementario para a resolución de problemas, dado que, ata o momento, unicamente unhas cinco persoas fan uso habitual deste recurso. Por último, o profesor confirma que, en numerosas ocasións, a corrección dos exames se finaliza durante a revisión, xa que, nos casos nos que presenta dúbidas sobre determinadas respostas, opta por cualificalas provisionalmente cun signo de interrogación. Deste modo, aqueles estudantes que asisten á revisión e logran aclarar satisfactoriamente ditas dúbidas poden ver incrementada a súa cualificación. 1.- Inclusión de bibliografía específica e casos prácticos resoltos: o profesor comprométese a incorporar materiais de apoio, tanto teóricos como prácticos, que permitan ao estudantado profundar no uso do método gráfico esixido na resolución de problemas, ademais de valorar positivamente cando un estudante resolve satisfactoriamente un problema mediante o método analítico. 2.- Mellorar a preparación do estudantado e aumentar as taxas de éxito: manifesta a súa intención de facilitar a preparación da materia mediante os recursos mencionados, ademais de incentivar ao estudantado a empregar as titorías como ferramenta adicional para a resolución de dúbidas, dado o seu escaso uso actual.	

Anexo 2. Informe de Coordinación de 1º Curso

1ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 1º dos Graos ERME/EE	DATA: 28/06/2024
COORDINADORA: Iria Feijoo Vázquez	
ASISTENTES: Coordinadora y profesorado de primeiro curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.	
OBXECTIVOS: Convócase de xeito virtual ao profesorado de primeiro curso de ambos graos, tanto do primeiro cuadrimestre coma do segundo, co obxectivo de solicitar unha planificación detallada para o curso 2024/2025 de grupos B, C, saídas de campo, así como exames parciais e recuperacións de clase. Solicítanse as necesidades de <i>software</i> , laboratorios e aulas de informática, e a indicación de non requirir o uso das aulas docentes da Escola.	
RESULTADOS: Todo o profesorado remite á coordinación, vía correo electrónico e no prazo establecido, toda a información solicitada. Unha vez recibida a información de cada unha das materias, co horario e co calendario académico, compróbase que as horas tipo B e C son as que están reflectidas na Planificación Docente Anual (PDA). Analízanse todas as propostas e téntanse respectar na medida do posible, tendo en conta que non se produzan solapes entre sesións de tipo B e C, e que non coincidan exames parciais. Con todo iso elabórase un documento para o primeiro e segundo cuadrimestre, o cal se remite á Subdirección de planificación e organización académica. Sobre este documento da planificación detallada de primeiro, a Coordinación e a Subdirección de planificación e organización académica proceden á asignación de espazos segundo as necesidades das materias, número de estudantado e dispoñibilidade de aulas e laboratorios. Esta información remítese vía correo electrónico e de forma personalizada a cada docente, para posteriormente indicalo no devandito documento. O documento correspondente ao primeiro cuadrimestre, ponse a disposición de todo o profesorado no espazo de Coordinación de Primeiro GEE/GERME en Moovi.	

2ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 1º dos Graos ERME/EE	DATA: 24/09/2024
COORDINADORA: Iria Feijoo Vázquez	
ASISTENTES: Coordinadora de primeiro curso (Iria Feijoo Vázquez), profesora de Química (Mª Salomé Álvarez Álvarez) e o profesor de Física I (Javier Vijande López) do Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	
OBXECTIVOS: Na distribución do estudantado en grupos B y C, téntase que estes sempre estean o máis compensados posibles. Sen embargo, cada materia ten o seu criterio con respecto a realización das prácticas por parte do estudantado de continuación de estudos que nos superou dita materia. O obxectivo é a compensación dos grupos B nas materias de Física I e Química, xa que estas desenvólvense nos mesmos días.	
RESULTADOS: Compensáronse os grupos B, especialmente o grupo B1, que presentaba un menor número de persoas. Deste xeito, que aquel estudantado que estaba matriculado en ambas materias y tiña que recibir docencia de grupos B, foi asignado de novo.	

3ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 1º dos Graos ERME/EE	DATA: 08/01/2025
COORDINADORA: Iria Feijoo Vázquez	
ASISTENTES: Profesorado do segundo cuadrimestre do primeiro curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	
OBXECTIVOS: Convócase de xeito virtual ao profesorado do segundo cuadrimestre de primeiro curso de ambos graos co obxectivo de solicitar unha planificación detallada para o segundo cuadrimestre do curso 2024/2025 de grupos B, C, saídas de campo, así como exames parciais e recuperacións de clase. Solicítanse as necesidades de <i>software</i> , laboratorios e aulas de informática. Esta planificación xa se solicitou e foi facilitada no mes de xullo de 2024, sen embargo ante a proximidade da data de inicio da docencia do segundo cuadrimestre, volve a solicitarse ante a posibilidade que durante ese tempo o profesorado quixera facer cambios sobre la planificación de xullo.	
RESULTADOS: No prazo establecido e por vía correo electrónico, todo o profesorado que necesitou modificar a planificación remitiu esa información á coordinación. Así mesmo, aqueles docentes que non realizaron cambios na planificación remitida en xullo tamén o confirmaron á coordinación. Unha vez recibida a información nova e coa que xa se tiña no mes de xullo de cada unha das materias, analízanse todas as propostas e téntanse respectar na medida do posible, tendo en conta que non se produzan solapes entre sesións de tipo B e C, e que non coincidan exames parciais. Con todo iso elabórase un documento para o segundo cuadrimestre, que se remite á Subdirección de planificación e organización académica. Sobre este documento da planificación detallada do segundo cuadrimestre, a Coordinación e a Subdirección de planificación e organización académica proceden á asignación de espazos segundo as necesidades das materias, número de estudantes e dispoñibilidade de aulas e laboratorios. Esta información remítese vía correo electrónico e de forma personalizada a cada docente, para posteriormente indicalo no devandito documento. O documento correspondente ao segundo cuadrimestre, ponse ao dispor de todo o profesorado no espazo de Coordinación de Primeiro GEE/GERME en Moovi.	

4ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 1º dos Graos ERME/EE	DATA: 04/02/2025
COORDINADORA: Iria Feijoo Vázquez	
ASISTENTES: Coordinadora de primeiro curso (Iria Feijoo Vázquez) e o profesorado do primeiro cuadrimestre do primeiro curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (Eduardo Liz Marzán, Javier Vijande López, María Elena González Rodríguez, María Salomé Álvarez Álvarez)	
OBXECTIVOS: Unha vez finalizado o cuadrimestre e con tódolos exames rematados, o obxectivo da reunión co profesorado de cada materia é intercambiar opinións, trasladar dificultades atopadas e valorar a coordinación no primeiro cuadrimestre.	
RESULTADOS: Nos días previos a reunión, solicítase ao profesorado os seguintes datos sobre os resultados académicos: estudantado presentado, aprobado, con notable, sobresaínte e matrícula de honra. Durante a reunión, coméntanse entre todos os presentes os resultados de cada unha das materias. O profesorado traslada a súa preocupación polas cualificacións acadadas polo estudantado neste curso académico. Aínda que a porcentaxe de estudantes presentados aos exames é semellante a outros anos, a porcentaxe de aprobados resulta ser inferior. Especialmente nas materias de Cálculo I e Álgebra Lineal, nas que se observa unha diminución significativa. Ademais, o profesorado manifesta a súa desmotivación ante a actitude dunha parte do estudantado, que non está a aproveitar nin as clases nin as facilidades ofrecidas para mellorar as cualificacións, como actividades voluntarias ou probas de avaliación continua. Tamén se detecta unha falta de compromiso por parte do estudantado, que mesmo deixa de asistir ás prácticas obrigatorias, imprescindibles para superar certas materias. Todo o profesorado coincide en sinalar unha tendencia preocupante no rendemento académico. Detectouse, así mesmo, que nos días previos a un exame ou proba, o estudantado deixa de asistir ás clases doutras materias, e que, cara á metade do cuadrimestre, arredor de 20 estudantes deixaron de asistir definitivamente ás aulas. O profesor de Álgebra Lineal propón unha modificación do horario desta materia para os luns. Ademais, suxírese que o estudantado de continuación de estudos se integre nos grupos B e C xunto co estudantado de nova matrícula, co obxectivo de equilibrar o número de integrantes por grupo e evitar problemas de aforo. Todo o profesorado mostrouse flexible á hora de fixar as datas de entrega de traballos, informes e tarefas, cando estas coincidían con exames parciais doutras materias recollidos na planificación. En relación coa coordinación, indican que as tarefas de coordinación e a comunicación polas canles empregadas son adecuadas. Dende a coordinación, considérase viable a posta en marcha das propostas do profesorado, e terase en conta toda esta información para a planificación do segundo cuadrimestre, así como para a do primeiro cuadrimestre do vindeiro curso. Ademais, a coordinación comprométese a trasladar as propostas do profesorado que afectan a organización e planificación da docencia de primeiro a Subdirección de Planificación y Organización Académica.	

5ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 1º dos Graos ERME/EE	DATA: 22/05/2025
COORDINADORA: Iria Feijoo Vázquez	
ASISTENTES: Subdirectora de Planificación e Organización Académica, coordinadora de primeiro curso e profesorado do primeiro e segundo cuadrimestre do primeiro curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos. Escusa a súa ausencia a profesora María Salomé Álvarez Álvarez	
OBXECTIVOS: Obxectivo da reunión co profesorado coordinador de cada materia é valorar a posibilidade de concentrar os exames nunha semana na metade de cuadrimestre e suspender a actividade docente.	
RESULTADOS: Ante a imposibilidade de asistencia a reunión da profesora María Salomé Álvarez Álvarez, esta reuniuse coa coordinación nos días previos para trasladar a súa opinión favorable a concentrar os exames nunha semana. Xa na reunión do día 22/05/2025, o profesorado manifesta a súa preocupación polo elevado abandono das materias, o baixo rendemento académico, a diminución significativa na porcentaxe de aprobados e nas cualificacións acadadas, así como pola baixa implicación do estudantado. Estes aspectos xa foran comentados en reunións anteriores. Á vista desta situación, ábrese un debate entre o profesorado, no que cada coordinador/ra de materia expón a súa valoración respecto da proposta de concentrar os exames parciais nunha única semana no medio de cada cuadrimestre e de suspender a actividade docente ordinaria durante ese período. Tendo en conta o histórico das semanas nas que tradicionalmente se viñan realizando os exames parciais en cursos anteriores, dende a Coordinación e a Subdirección propóñense as seguintes datas para a súa organización: do 27 ao 31 de outubro (primeiro cuadrimestre) e do 23 ao 27 de marzo (segundo cuadrimestre). Durante esas semanas suspendese a docencia, para facilitar a preparación e realización das probas por parte do estudantado e mellorar así o seu rendemento. O profesorado acorda por maioría apoiar esta proposta. Así mesmo, comprométese a non realizar exames parciais fóra destes períodos.	

6ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 1º dos Graos ERME/EE	DATA: 16/06/2025
COORDINADORA: Iria Feijoo Vázquez	
ASISTENTES: Coordinadora de primeiro curso (Iria Feijoo Vázquez) e profesorado do segundo cuatrimestre do primeiro curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (Guillermo García Lomba, María Ángeles Saavedra González, Roberto Bellas Rivera, Manuel Pérez Cota, José Benito Vázquez Dorrio).	
OBXECTIVOS: Unha vez realizados a maioría dos exames das materias e case finalizado o cuatrimestre, o obxectivo da reunión co profesorado coordinador de cada materia é intercambiar opinións, trasladar dificultades atopadas e valorar a coordinación no segundo cuatrimestre.	
RESULTADOS: Nos días previos a reunión, se solicita o profesorado os seguintes datos sobre os resultados académicos: estudantado presentado, aprobado, con notable, sobresaínte e matrícula de honra. Durante a reunión, coméntanse entre todos os presentes os resultados de cada unha das materias. O profesorado traslada a súa preocupación polas cualificacións acadadas polo estudantado neste curso académico, xa que a porcentaxe de aprobados resulta ser notablemente inferior, agás na materia de Física II, que, aínda que tamén experimentou unha diminución, mantén unha taxa de éxito relativamente alta (aproximadamente do 60 %). Coméntase entre o profesorado a metodoloxía e o sistema de avaliación empregados nesta materia, que semellan favorecer esa porcentaxe. Aínda así, o profesor coordinador de Física II sinala a falta de implicación por parte do estudantado nalgúns das probas propostas, que lles permitirían acadar unha cualificación máis elevada. O profesorado detectou que, xa dende o comezo do cuatrimestre, arredor de 20 estudantes deixaron de asistir as clases. Ademais, todo o profesorado coincide en trasladar a coordinación a preocupación pola ausencia dunha parte significativa do estudantado nos días previos á realización de exames ou probas doutras materias. Como posible medida, o profesor de Física II propón a suspensión das clases durante os días en que se realicen exames parciais, co obxectivo de favorecer a asistencia e o rendemento nas distintas materias. Todo o profesorado foi flexible á hora da data de entrega de traballos/informes/tarefas, cando esta coincidía con exames parciais doutras materias detallados na planificación. Con respecto á coordinación, indican que as tarefas de coordinación son correctas. Valoran positivamente a realización das reunións ao final do cuatrimestre e indican que a comunicación polas canles empregadas é axeitada.	

INFORME FINAL DE COORDINACIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 1º dos Graos ERME/EE	DATA: 7/10/2025
COORDINADORA: Iria Feijoo Vázquez	
RESULTADOS: Durante todo o curso, o profesorado de primeiro de ambos os Graos, respondeu de forma moi axeitada ás solicitudes de planificación das sesións de tipo B e C, saídas de campo e exames parciais, entregando a información en data e forma. Todo o profesorado mostrouse colaborador á hora de axustar datas de exames parciais, fixar saídas de campo ou na asignación de espazos con respecto á planificación inicial. Cada modificación na planificación detallada actualizouse no espazo de Coordinación de primeiro GEE/GERME en Moovi. Aqueles problemas que xurdiron durante o desenvolvemento do curso académico foron comunicados á coordinación, e estes tratáronse de solucionar o máis axiña posible. A canle principal de comunicación para as tarefas de coordinación foi a través de correo electrónico e as chamadas telefónicas. Tras as reunións o final de cada cuatrimestre, considérase que o traballo de coordinación foi axeitado durante o curso 2024/2025.	
PROPOSTAS DE MELLORA: Continuar coa mesma metodoloxía de traballo, pero tendo en conta as propostas xurdidas das reunións co profesorado ao final de cada cuatrimestre.	

Anexo 3. Fichas e Informe de Coordinación de 2º Curso

1ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 2º dos Graos ERME/EE	DATA: 27/06/2024
COORDINADORA: Raquel Pérez Orozco	
ASISTENTES: Profesorado de segundo curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	
OBJETIVOS: Convócase de xeito virtual ao profesorado de segundo curso dos graos co obxectivo de planificar o desenvolvemento dos grupos B e C no curso 2024/2025, no referido a: 1. Datas de impartición das sesións B e C 2. Necesidades de espazos docentes en aulario 3. Necesidades de espazos docentes en aula de informática 4. Proposta de datas para Saídas de Campo	
RESULTADOS: Tras a recepción da información solicitada, dende a coordinación e a subdirección de organización docente compróbase a adecuación das propostas (en canto a datas, número de sesións e horas) e realízase a correspondente asignación de espazos. O profesorado, en xeral, propón un calendario de grupos B ben axustado, tanto en número de horas como en tipoloxía de contidos impartidos neste tipo de sesións (laboratorio e/ou TIC). Esta xestión permite liberar espazos docentes para cubrir outras necesidades. O calendario de grupos C planifícase de xeito que as colisións xurdidas das propostas iniciais se resolven satisfactoriamente. A coordinadora remite esta información á Subdirección de Organización Docente	

2ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 2º dos Graos ERME/EE	DATA: 9/1/2024
COORDINADORA: Raquel Pérez Orozco	
ASISTENTES: Profesorado de segundo curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	
OBXECTIVOS: Convócase de xeito virtual ao profesorado das materias do 2º cuadrimestre de segundo curso dos graos co obxectivo de planificar o desenvolvemento dos grupos B e C no curso 2024/2025, no referido a: 1. Datas de impartición das sesións B e C 2. Necesidades de espazos docentes en aulario 3. Necesidades de espazos docentes en aula de informática 4. Proposta de datas para Saídas de Campo	
RESULTADOS: Unha vez comunicadas as necesidades de espazos docentes á subdirección de organización docente, trasladóuselles aos docentes toda a información relativa ás datas, horas e espazos asignados. Gracias a isto, evitáronse colisións entre grupos C de distintas materias e, á súa vez, con saídas de campo.	

3ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 2º dos Graos ERME/EE	DATA: 26/3/2025
COORDINADORA: Raquel Pérez Orozco	
ASISTENTES: Profesorado das materias do segundo cuadrimestre do segundo curso das titulacións de Grao en Enxeñaría da Enerxía e Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.	
OBXECTIVOS: Seguimento do cuadrimestre: Realízanse reunións telemáticas e/ou presenciais co profesorado dos graos co obxectivo de levar un seguimento dos resultados de avaliación continua do estudantado. Estas reunións están motivadas polo baixo rendemento e dificultades que de xeito sistemático se levan rexistrando nos últimos cursos académicos nas materias de segundo curso. Recompíase información relativa aos seguintes puntos: 1. Asistencia (teoría/prácticas) 2. Grao de implicación/participación 3. Resultados da(s) primeira(s) proba(s) de avaliación continua	
RESULTADOS: A continuación recóllese a información recibida por parte do profesorado así como medidas correctoras propostas:	
Materia	Xeoloxía
Profesorado	Natalia Caparrini / Gianluca Marino

Seguimento:

De 10 persoas matriculadas, 3 parece que abandonaron a materia. As demais persoas asisten con regularidade ás clases.

Na primeira proba de avaliación continua, aprobaron 6/7 con moi boas notas

Medidas propostas:

Non se considera necesario

Materia	Tecnoloxía Electrónica
Profesorado	María Xosé Moure Rodríguez

Seguimento:

Asistencia: asiste un 60% dos matriculados ás clases. Os/as que asisten participan e preguntan, de todas formas eu intento romper sempre o ritmo das clases combinando teoría con exercicios para que estean activos/as.

Primeira proba: asistencia 32 de 54 (2 alumnos pendentes de facela por enfermidade), non é un bo dato (59,25%) pero é coherente coa asistencia a clase

Detéctase que a maior dificultade dos alumnos son os coñecementos previos de teoría de circuítos. Aínda facendo moitísimos exercicios, a maior dúbida está na resolución das correntes e tensión mais que nos conceptos dos dispositivos.

Medidas propostas:

A pouca base en teoría de circuítos é coherente coas cualificacións obtidas nesta materia do primeiro cuatrimestre (<25% aprobados). Proponse comentar este feito co profesorado de Circuítos e Máquinas Eléctricas e tentar buscar o xeito de reforzar esta parte)

Materia	Enxeñaría Mecánica
Profesorado	Ángel Manuel Fernández Vilán

Seguimento:

Asistencia: asistencia a clase unhas 20 persoas (de xeito habitual)

Participación nas actividades: moi baixa. Denótase certo pasotismo e pouca implicación do estudantado

Coméntase que, como novidade para este curso (buscando fomentar a súa participación e o traballo diario) se propuxo ir realizando algúns pequenos retos (preguntas sinxelas, que podían responder lendo o material docente que se ía impartir nesa semana) a través de moovi. Pola contra, non houbo participación e decidiuse non continuar con esta estratexia.

Remárcase a pouca asistencia a titorías.

Medidas propostas:

Reunión da coordinadora de 2º curso co estudantado para incentivalos a aproveitar o recurso de titorías e que así lles poida servir de axuda para resolver dúbidas ao longo do cuatrimestre.

INFORME FINAL DE COORDINACIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 2º dos Graos ERME/EE	DATA: 2/10/2025
COORDINADORA: Raquel Pérez Orozco	
RESULTADOS: Mantense o contacto a través de correo electrónico como medio de comunicación para as tarefas de coordinación. De xeito puntual, tamén se empregan os medios telefónicos para resolver pequenas incidencias ocasionais. En xeral, o profesorado de 2º dos Graos responde moi axeitadamente ás peticións de planificación detallada requiridas para poder configurar o desenvolvemento das sesións tipo B/C, polo que en xeral se considera que o traballo de coordinación foi axeitado durante o curso 2024/2025.	
PROPOSTAS DE MELLORA: Proponse a continuidade da metodoloxía de traballo.	

Anexo 4. Fichas e Informe de Coordinación de 3º Curso


1ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 3er Curso Grado IE	DATA: 28/6/2024
COORDINADOR: Pablo Eguía Oller	
ASISTENTES: Profesorado de tercer curso de la titulación de Grado de Ingeniería de la Energía	
OBJETIVOS: Se convoca a los profesores tercer curso con el fin de planificar los grupos B y C de dicho curso durante el curso 2024/2025 en formato virtual en lo referente a: 1. Fechas de impartición de dichas clases 2. Necesidades de aula de teoría 3. Necesidades de aula de informática 4. Propuesta de fechas para Salidas de Campo Así, los profesores fueron adelantando sus necesidades y fechas por correo electrónico, con lo cual ya se sabía de antemano las posibles colisiones entre profesores.	
Tal y como viene sucediendo en estos años, los profesores, debido a que conocen las fechas exactas de sus necesidades, pudieron liberar aulas de teoría o bien el aula de informática que no necesitaban. Las colisiones de grupos C entre profesores se resuelven coordinando horarios entre diferentes grupos. El coordinador remitió esta información a la jefatura de estudios	

2ª REUNIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 3er Curso Grado IE	DATA: 14/1/2025
COORDINADOR: Pablo Eguía Oller	
ASISTENTES: Profesorado de tercer curso de la titulación de Grado en Ingeniería de la Energía	
OBJETIVOS: Se convoca a los profesores de tercer curso y a los de cuarto con el fin de planificar los grupos B y C de dichos cursos durante el segundo cuatrimestre del curso 2024/25 de forma virtual, para que comuniquen sus necesidades referentes a: 1. Fechas de impartición de dichas clases 2. Necesidades de aula de teoría 3. Necesidades de aula de informática 4. Propuesta de fechas para Salidas de Campo	
RESULTADOS: Una vez comunicadas las necesidades de espacios docentes a la jefatura de estudios, se comunicó a los profesores los días, horas, aulas reservadas, etc. Gracias a esto, se evitaron colisiones entre grupos C de distintas materias y, a su vez, con salidas de campo.	

INFORME FINAL DE COORDINACIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 3er Curso Grado IE	DATA: 2/10/2025
COORDINADOR: Pablo Eguía Oller	
RESULTADOS: La coordinación del curso 2024/2025 fue sencilla, ya que dos años antes se había implantado el nuevo plan de estudios. El profesorado fue el mismo y ya conocían la forma de trabajar de la escuela y cómo evitar solapes o colisiones entre diferentes asignaturas del curso. Se ha venido empleando el correo electrónico como medio de comunicación para la coordinación, aunque también llamadas telefónicas para resolver problemas puntuales. El trabajo de coordinación se puede considerar un éxito.	
PROPUESTAS DE MEJORA: Se propone continuar con la misma política de coordinación pues todas las incidencias ocurridas durante los dos cuatrimestres se han ido resolviendo, con la ayuda del propio profesorado, de la jefatura de estudios y de la dirección de la escuela.	

Anexo 5. Fichas e Informe de Coordinación de 4º Curso


1ª REUNIÓN HORIZONTAL															
CURSO: 4º Curso Grado IE	DATA: 28/2/2025														
COORDINADORA: Ana María Rodríguez Rodríguez															
ASISTENTES: Ana Mª Rodríguez Rodríguez; María Araújo Fernández; Pablo Eguía Oller; Luis Ángel Fernández Otero; Jesús Vence Fernández; Roberto Bellas Rivera															
OBXECTIVOS: 1. Exposición dos resultados da avaliación das materias do primeiro cuadrimestre 2. Análise do desenvolvemento do cuadrimestre: Incidencias e Propostas de Mellora															
RESULTADOS: Os resultados académicos do primeiro cuadrimestre desglosados por materia amósanse a continuación: (XET) Xestión da enerxía térmica. Coordinador: Pablo Eguía Oller (Obligatoria) <i>Indica que non houbo incidencias reseñables no desenvolvemento da materia.</i>															
<table border="1"> <caption>Data for XET Bar Chart</caption> <thead> <tr> <th>Grade</th> <th>Number of Students</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>M.H.</td> <td>1</td> </tr> <tr> <td>Sobresaliente</td> <td>4</td> </tr> <tr> <td>Notable</td> <td>10</td> </tr> <tr> <td>Aprobado</td> <td>5</td> </tr> <tr> <td>Suspenso</td> <td>5</td> </tr> <tr> <td>No presentados</td> <td>1</td> </tr> </tbody> </table>		Grade	Number of Students	M.H.	1	Sobresaliente	4	Notable	10	Aprobado	5	Suspenso	5	No presentados	1
Grade	Number of Students														
M.H.	1														
Sobresaliente	4														
Notable	10														
Aprobado	5														
Suspenso	5														
No presentados	1														
Tasa de éxito: 87 %															
Xestión e utilización da enerxía eléctrica. Coordinador: Luis Ángel Fernández Otero (Obligatoria) <i>Indica que non houbo incidencias reseñables na desenvolvemento da materia.</i>															



Tasa de éxito: 95 %

Organización empresas. Coordinador: Roberto Bellas Rivera


Indica que non houbo incidencias reseñables na desenvolvemento da materia.



Proxecto colaborativo. Coordinadora: Ana M^a Rodríguez Rodríguez

Indica que non houbo incidencias reseñables na desenvolvemento da materia, pero resalta a necesidade de que a dirección da EME reconsidere a carga docente asignada a cada profesor/a


da materia, xa que ésta non se reflexa adecuadamente na relación entre o esforzo invertido e as horas asignadas para desenvolver os excelentes proxectos implementados.



Tasa de éxito: 100 %

Enxeñaría do solo aplicada a instalacións enerxéticas. Coordinadora: María Araújo Fernández


Indica que non houbo incidencias reseñables na desenvolvemento da materia.



Tasa de éxito: 100 %

Enerxías alternativas fluidodinámicas. Coordinador: Jesús Vence Fernández


Indica que non houbo incidencias reseñables na desenvolvemento da materia.



Tasa de éxito: 100 %

Tecnoloxías de refrixeración e climatización. Coordinador: Jose Fernández Seara

No se obtuvo resposta do coordinador



Tasa de éxito: 100 %

2ª REUNIÓN HORIZONTAL

CURSO: 4º Curso Grado IE

DATA: 18/7/2025

COORDINADORA: Ana María Rodríguez Rodríguez

ASISTENTES:

Ana Mª Rodríguez Rodríguez; Mª Itziar Goicoechea Castaño; José L. González Cespón; Jesús Balado Frías; Raquel Pérez Orozco; Manuel A. Prieto Alonso; Sergio Chapela González

OBXECTIVOS:


1. Exposición dos resultados da avaliación das materias do 2do cuatrimestre
2. Análise do desenvolvemento do cuatrimestre: Incidencias e Propostas de Mellora

RESULTADOS:

Os resultados desglosados por materias amósanse a continuación:

Diseño asistido por ordenador. Coordinador: José L. González Cespón


Indica que non houbo incidencias reseñables na desenvolvemento da materia.



Tasa de éxito: 100%


Obras, replanteos e procesos de construción. Coordinador: Jesús Balado Frías

Indica que non houbo incidencias reseñables na desenvolvemento da materia.



Tasa de éxito: 100 %


Eficiencia enerxética: Sustentabilidade e certificación. Coordinadora: Raquel Pérez Orozco
Indica que non houbo incidencias reseñables na desenvolvemento da materia.



Tasa de éxito: 100 %

Uso eficiente da enerxía eléctrica. Coordinador: Manuel A. Prieto Alonso


Indica que non houbo incidencias reseñables na desenvolvemento da materia.



Tasa de éxito: 100 %

Proxectos. Coordinadora: M^a Itziar Goicoechea Castaño (Obligatoria)


Indica que non houbo incidencias reseñables na desenvolvemento da materia.



Tasa de éxito: 100 %

(TFG) Traballo de Fin de Grao. Coordinador: Francisco J Deive Herva (Obligatoria)


Excusa asistencia. Nesta materia existe un elevado número de estudantes non presentados. Este particular pode deberse a que existen estudantes que xa están traballando e van adiando a elaboración e defensa do TFG.



Tasa de éxito: 100 %

Enxeñaría nuclear. Coordinador: Sergio Chapela López

Indica que non houbo incidencias reseñables no desenvolvemento da materia.



Tasa de éxito: 100 %

INFORME FINAL DE COORDINACIÓN HORIZONTAL	
CURSO: 4º Curso Grado IE	DATA: 22/09/2025
COORDINADORA: Ana María Rodríguez Rodríguez	
RESULTADOS: Xeralmente, considérase que non houbo incidencias destacables durante o curso académico e o balance global é claramente positivo. As elevadas taxas de éxito, superiores ao 85%, e en moitos casos mesmo do 100%, son unha clara mostra do bo desenvolvemento do curso e reflicten un progreso satisfactorio en todos os ámbitos planificados. Ao longo do curso académico, os diferentes problemas puntuais relacionados coa organización dos grupos B e C, como a xestión das reservas dos espazos informáticos ou as necesidades específicas de <i>software</i>, foron resoltos de maneira satisfactoria e sen atrasos significativos. As melloras aplicadas por petición do profesorado en aspectos concretos das infraestruturas tamén contribuíron a un funcionamento eficaz, o que se reflicte en que non houbo incidencias salientables.	
PROPOSTAS DE MELLORA: Os puntos sinalados como susceptibles de mellora céntranse principalmente no aumento do número de estudantes que presentan os seus Traballos de Fin de Grao, cuestión que require un seguimento máis exhaustivo e un maior apoio para acadar a participación esperada. En calquera caso, o balance final reflicte un panorama favorable no marco do novo plan, con retos superados e áreas identificadas para seguir avanzando na mellora continua.	